

INFORME-PROPOSTA

Con data 24/06/2021, o Concello Pleno aprobou as bases que rexerán a convocatoria de axudas denominadas "BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN E BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2021-2022."

Estas bases foron publicadas no BOP de A Coruña o 30/06/2021

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas, destinadas ás familias do Concello de Ferrol, nel empadronadas, que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases e que teñan menores a cargo escolarizados nos centros educativos que se atopen dentro do termo municipal de Ferrol durante o curso 2021/2022.

De conformidade co disposto no art. 18.2 na Lei 38/2003 xeral de subvencións relativo á publicidade das subvencións na Base Nacional de Datos, as administracións concedentes están obrigadas á remitir á dita base, entre outras cuestións, a convocatoria para a súa posterior remisión ao Boletín Oficial da Provincia.

O art. 23 da Lei 38/2003 xeral de subvencións regula o contido que a de ter a convocatoria. No mesmo senso se pronuncia o art. 20 da 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A convocatoria que de seguido se transcribe cumpre o establecido no artigo anterior.

Polo anteriormente exposto, e coa finalidade de continuar coa tramitación do expediente, propono á concelleira delegada de Benestar Social e Patrimonio Histórico o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a concesión de AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN E BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2021-2022".

Segundo.- O prazo de solicitude será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no BOP.

Terceiro.- Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO (En galego):

Convocatoria para a concesión mediante concorrencia non competitiva de AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN E BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2021-2022. CONCELLO DE FERROL

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a), de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria para a concesión de AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN E BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2021-2022

Primeiro.- Beneficiarios.

Serán persoas beneficiarias as unidades familiares de convivencia con menores de idade a cargo, escolarizados nos centros de ensino (públicos e concertados) da cidade de Ferrol que estean matriculados nos cursos referidos para cada unha das liñas de axudas e reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Segundo: Obxecto.

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas, destinadas ás familias do Concello de Ferrol, nel empadronadas, que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases e que teñan menores a cargo escolarizados nos centros educativos que se atopen dentro do termo municipal de Ferrol durante o curso 2021/2022.

Terceiro.- Bases Reguladoras

As axudas rexeranse polas bases específicas publicadas no BOP da Coruña de data 30/06/2021

Cuarto.- Contía

O gasto total para o curso escolar 2021/2022 imputarase á partida orzamentaria 04001-3263-48000, e ascende a 373.000 €, segundo o seguinte desglose:

Liña 1: bolsas de comedor escolares:

2021 (setembro -decembro): 93.000 €

2022 (xaneiro-xuño): 190.000 €

Liña 2: Axudas material escolar:

2021: 90.000 €

De acordo co disposto no artigo 56.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o outorgamento das axudas queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal do ano 2022 no momento en que se resolva a concesión

Quinto.- Criterios de valoración

Os criterios de valoración son os establecidos no punto 6 das bases reguladoras.

Sexto.- Presentación de solicitudes

As persoas solicitantes da subvención deberán cumprir os requisitos enumerados no punto 3 das bases reguladoras

Coa solicitude achegarase a documentación indicada no punto 5 das bases reguladoras

O prazo de solicitude será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo. -Instrucción, tramitación e resolución do expedientes

A instrucción e tramitación do expediente levarase a cabo polo persoal técnico de servizos sociais e resolveráse mediante decreto da Concelleira competente.

Os actos administrativos serán obxecto de publicación no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web.

O prazo máximo de resolución non poderá exceder de seis meses contados dende a publicación da convocatoria.

ANEXO (En castellano):

Convocatoria para la concesión mediante concurrencia no competitiva de AYUDAS A LA ESCOLARIZACIÓN Y BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2021-2022. AYUNTAMIENTO DE FERROL

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) e 20.8.a), de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria para la concesión de AYUDAS A LA ESCOLARIZACIÓN Y BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2021-2022.

Primero.- Beneficiarios.

Serán persnoas beneficiarias las unidades familiares de convivencia con menores de edad a cargo, escolarizándose los centros de enseñanza (públicos y concertados) la ciudad de Ferrol que esten matriculados en los cursos cursos referidos para cada una de las líneas de ayuda y reúnan los requisitos exigidosen estas bases.

Segundo: Objeto

Estas bases tiene por objeto regular el procedimiento para la concesión de ayudas, destinadas a las familias del Ayuntamiento de Ferrol, e él empadronadas, que cumplan con los requisitos establecidos en estas bases y que tengan menores a cargo escolarizados en los centros educativos que se encuentren dentro del término municipal de Ferrol durante el curso 2021/2022.

Tercero.- Bases Regulatoras

Las ayudas se regirán por las bases específicas publicadas en el BOP da Coruña de fecha 30/06/2021

Cuarto.- Cuantía

El gasto total para el curso escolar 2021/2022 se imputará a la partida presupuetaria 04001-3263-48000, y asciende a 373.000 €, según el siguiente desglose:

Línea 1: bolsas de comedor escolares:

2021 (septiembre -diciembre): 93.000 €

2022 (enero-junio): 190.000 €

Línea 2: Ayudas material escolar:

2021: 90.000 €

De acuerdo con los dispuesto en el artículo 56.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, do 17 de noviembre, General de Subvenciones, el otorgamiento de las ayudas queda condicionado a la existencia de crédito adecuado y suficiente el el presupuesto municipal del año 2022 en el momento en que se resuelva la concesión.

Quinto.- Criterios de valoración

Los criterios de valoración son los establecidos en el punto 6 de las bases reguladoras.

Sexto.- Presentación de solicitudes

Las personas solicitantes de la subvención deberán cumplir los requisitos enumerados en el punto 3 de las bases reguladoras

Con la solicitud se adjuntará la documentación indicada e el punto 5 das bases reguladoras

O prazo de solicitude será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Séptimo. -Instrucción, tramitación y resolución de los expedientes

La instrucción y tramitación del expediente se llevará a cabo por el persnoal técnico de servicios sociais y se resolverá mediante decreto de la concejala competente.

Los actos administrativos serán objeto de publicación en el Tablón de Edictos del Ayuntamiento y en la página web.

El plazo máximo de resolución no podrá exceder de seis meses contados desde la publicación de la convocatoria.

Ferrol, (a data da sinatura electrónica)

A xefa de Sección de Benestar Social, Igualdade e Xuventude